

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO PARA A CELEBRACIÓN DO II ENCONTRO DE EMPRESARIOS**

O xerente de Turismo de Galicia

### **DECLARA:**

Que a Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Arcebispado de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións pola colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para a celebración do II Encontro de Empresarios, que tivo lugar na Hospedería do Seminario Maior de Santiago de Compostela os días 11 e 12 de abril de 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** A cidade de Santiago de Compostela acolleu os días 11 e 12 de abril de 2024 o II Encontro de Empresarios, impulsado polo Arcebispado de Santiago de Compostela, que convocou na Hospedería do Seminario Maior a uns 200 empresarios, directivos e profesionais que reflexionaron acerca de materias como ética, sustentabilidade e ben común. Tratouse da segunda cita que se celebrou en Santiago deste encontro, que tivo a súa primeira edición en 2022.

No programa establecéronse tres sesións académicas que consistiron nun relatorio seguido dunha mesa de debate. O evento contou con relatorios que tiveron unha duración aproximada de 45 minutos, e as mesas de debate posteriores 45-50 minutos, reservando un tempo que permitira o coloquio dos asistentes cos poñentes e comunicantes.

Dentro da Liña estratéxica 1 que recolle o plan director de turismo de Galicia recóllese como acción operativa o apoio por parte da Administración da Xunta de Galicia, mediante subvencións, a entidades organizadoras de congresos, seminario, convencións, incentivos ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións en Galicia, na procura de posicionar a Galicia como destino de turismo de congresos e reunións. Estes eventos desempeñan un importante papel desestacionalizador e impulsor do turismo urbano, e atraen a un perfil de usuarios e usuarias cunha maior capacidade de gasto e posibilidades de fidelización fóra do ámbito laboral.

Non hai dúbida de que as grandes feiras, congresos e eventos supoñen un gran impacto económico e turístico que chega máis aló mesmo das datas que abarca o evento. Hoteis e restaurantes, independentemente do seu número de estrelas ou prezo, conseguen a plena ocupación durante a celebración de eventos, mellorando incluso o puntal que se alcanza durante os períodos de vacacións.

O artigo 94 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula o fomento do turismo mediante a elaboración, pola Administración da Xunta de Galicia, de programas para potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan acadar, unha serie de obxectivos, entre os que se atopa a diversificación da oferta turística, co impulso da segmentación mediante o apoio ao desenvolvemento, entre outros, do turismo de reunións.



A través deste convenio de colaboración instrumentáse a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser o Arcebispado de Santiago de Compostela á única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada, ao ser a única entidade organizadora da actuación obxecto da subvención.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

